

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3211** *Real decreto 220/2013, do 22 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, sobre acceso excepcional ao título de médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e sobre o exercicio da medicina de familia no Sistema nacional de saúde, para fixar o 31 de maio de 2013 como data límite no prazo de presentación de solicitudes de admisión dos aspirantes ao título.*

O Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, sobre acceso excepcional ao título de médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e sobre o exercicio da medicina de familia no Sistema nacional de saúde, completou as anteriores medidas lexislativas adoptadas para o acceso excepcional ao título de médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria ampliando as vías de acceso ao dito título en relación cos profesionais que superaron os estudos conducentes ao título oficial de licenciado en Medicina con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 e que exercen como médicos de familia.

Este sistema, ademais de excepcional, prevíase como transitorio. Así se observa da literalidade do preámbulo do propio Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo. Isto é así porque esta norma tivo a súa orixe no acordo adoptado o 21 de xullo de 1997 polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que dispoñía un sistema excepcional e transitorio de acceso ao título de especialista en Medicina Familiar e Comunitaria. Este acordo parte da Proposición non de lei do Congreso dos Deputados do 7 de outubro de 1997 e da Moción do Senado do 8 de abril de 1997.

Malia isto, a redacción do Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, non traslada este carácter transitorio, que si queda posto claramente de manifesto na súa parte expositiva, cos argumentos precisos que o xustifican.

Cómpre, por tanto, proceder á modificación do Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, co obxecto de adecuar as súas disposicións co carácter de temporalidade do procedemento que este require.

Na tramitación deste real decreto, que conta cos informes do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, foron oídas as asociacións e sociedades científicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do artigo 2 do Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, sobre acceso excepcional ao título de médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e sobre o exercicio da medicina de familia no Sistema nacional de saúde.*

Modifícase o número 1 do artigo 2 do Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, sobre acceso excepcional ao título de médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e sobre o exercicio da medicina de familia no Sistema nacional de saúde, cuxa redacción queda nos seguintes termos:

«1. Aqueles que reúnan os requisitos previstos no artigo anterior poderán solicitar ata o 31 de maio de 2013 a concesión do título de médico especialista en

Medicina Familiar e Comunitaria, mediante instancia dirixida á Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN